



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EMERXENCIA ALIMENTARIA NOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUÍS

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da consellería, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 110/2020, de 6 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social así como a resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E doutra, dona María Isla Avión, con DNI 35.544.300-P, en calidade de presidenta da Asociación Solidariade Galega co Pobo Saharauí, con NIF G15924558, e con domicilio social en Avda. Alcalde Gregorio Espino, 57 baixo, 36205 - Vigo (Pontevedra), nomeada por acordo do 08/10/2018 do seu órgano de goberno, que actúa en nome e representación da entidade en virtude do disposto no artigo 24 dos seus estatutos.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,





EXPOÑEN

Primeiro. As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13.1 do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, e na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo de acordo co establecido na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil, na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei 26/2015, do 28 de





xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, así como executar as medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, ademais da elaboración das propostas normativas no ámbito da familia, infancia e adolescencia, así como para o desenvolvemento normativo da Lei 3/2011, do 30 de xuño, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 4/2001, do 31 de maio.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no artigo 4º letra f) que os poderes públicos fomentarán a solidariedade como valor inspirador das relacións entre as persoas e os grupos sociais e impulsarán a implicación cidadá na superación das condicións que provoquen situacións de marxinación, dandolle prioridade ás accións encamiñadas ao logro e consolidación de formas organizadas e estables de solidariedade.

Quinto.- A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento, establece no seu artigo 94 que a administración autonómica pode subscribir convenios de colaboración con entidades privadas sempre e cando as actuacións derivadas destes acordos se axusten aos principios e obxectivos formulados na mesma lei e ás prioridades e resultados do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.

O artigo 84.2.c.2º da dita Lei establece como unha das modalidades de actuación da Cooperación Galega a cooperación económica-financeira no ámbito da acción humanitaria e axuda de emerxencia. Este ámbito de actuación recóllese do mesmo xeito na letra h) do artigo 85 da mesma norma.

Sexto.- No Plan anual 2021 da cooperación galega, remátase a vixencia do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021. Neste Plan anual recóllense os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios que o Goberno galego pon a disposición da cooperación para o desenvolvemento para o ano 2021, de acordo coas orientacións establecidas no dito IV Plan director. No Plan relaciónanse só as actuacións que se van a financiar no marco do programa orzamentario 331A: Cooperación Exterior e ó Desenvolvemento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, sen prexuízo de que ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia poidan desenvolver actuacións en materia de cooperación, cuxa cuantificación se realizará ao final do exercicio.

Sétimo.- A Asociación "Solidariedade Galega co Pobo Saharaí", está inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia con número 2004/007037, no Rexistro de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, na sección de





ONG co número A-177 e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E6742. Desde o ano 2004 ten, entre outros fins, o de contribuír á mellora das condicións de vida tanto dos refuxiados e refuxiadas saharauís, como da poboación residente no Sáhara Occidental.

Que en cumprimento dos seus fins, a Asociación "Solidariedade Galega co Pobo Saharauí" puxo en marcha un programa de "Emerxencia Alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharauís", que ten como obxectivo dar solución á falta de alimentos básicos que se agravou coa actual pandemia de COVID-19. No marco do dito Plan Anual 2021 da cooperación galega recóllese o Convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS), co obxectivo de mellorar as condicións de vida da poboación refuxiada saharauí, que terá unha dotación para o ano 2021 de 100.000 €. A poboación dos ditos campamentos está formada fundamentalmente por mulleres, maiores e nenos e nenas.

A cantidade que a Consellería de Política Social aboará a Solidariedade Galega co Pobo Saharauí forma parte dos 200.000.00 € que comprende o Programa de Emerxencia Alimentaria, e que se corresponden, única e exclusivamente, cos gastos da compra de alimentos para os/as menores saharahuis e o seu entorno.

Deste xeito este convenio vén a complementar, dentro do marco do programa "Emerxencia Alimentaria", a subvención que, para a mesma finalidade, polo mesmo importe e dentro do Plan anual 2021 de cooperación galega, foi concedida pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Oitavo.- Tendo en conta os obxectivos perseguidos co programa "Emerxencia Alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharauís", e dado que a poboación dos ditos campamentos está formada fundamentalmente por mulleres, maiores e principalmente nenos e nenas, a Consellería de Política Social contribuirá de xeito complementario coa súa participación no seu desenvolvemento, en virtude das competencias que ten atribuídas en materia de servizos sociais e protección da infancia recollidas no expoñendo cuarto.

Noveno.- Que en consideración co exposto e en cumprimento do previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, considérase conveniente a subscripción do presente convenio de colaboración coa asociación "Solidariedade Galega co Pobo Saharauí".

Tanto pola experiencia en cooperación para o desenvolvemento desta asociación, como polos coñecementos específicos dos problemas que lle afectan ao pobo saharauí e polos traballos que con el vén realizando, en especial cos/coas





nenos/as procedentes dos campamentos de persoas refuxiadas saharauís en Tindouf (Alxeria), esta organización está especialmente indicada para levar a cabo o programa "Emerxencia Alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharauís", polo que non resulta posible promover a concorrência pública.

Décimo.- Ambas as partes, polo tanto, consideran oportuno colaborar no pulo de todo tipo de actuacións que contribúan a mellorar a situación de nenas e nenos saharauís e estiman conveniente plasmar as liñas xerais da dita colaboración nun instrumento formal que estableza o marco no que se desenvolverán as devanditas actuacións.

Décimo primeiro.- Esta entidade ten acreditado, a través dunha declaración responsable, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e da Seguridade Social.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia coa concesión dunha subvención pública para colaborar co desenvolvemento do programa "Emerxencia Alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharauís" 2021, posto en marcha pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí e que ten como obxectivo xeral dar solución á falta de alimentos básicos para as familias e os nenos e nenas refuxiados Saharauís, agravada pola actual pandemia de COVID-19, dunha poboación composta maioritariamente por mulleres, maiores e nenos/as.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





SEGUNDA.- BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA

Serán beneficiarias das actuacións do programa as familias e principalmente os nenos e nenas saharauís que viven nos campos de refuxiados saharauís, en concreto no de Tindouf, así como os adultos cos que conviven, entendendo que isto repercute á súa vez nos coidados e saúde dos primeiros.

TERCEIRA.- OBXECTIVOS E CONTIDO DO PROGRAMA

Obxectivo Xeral: Paliar a falta de alimentos básicos que sofren os nenos e nenas e o seu entorno familiar, nos campos de refuxiados saharauís, que se viu agravada pola actual situación de pandemia de COVID-19.

Obxectivos Específicos: Reivindicar o dereito dos nenos e nenas saharauís a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven. Facilitar asistencia médica e de alimentación.

Contido do programa: Supervisar o seguimento e execución da compra e distribución de alimentos básicos destinados a nenos, nenas e o seu entorno familiar, en coordinación coa Delegación Saharawi en Galicia, así como a súa avaliación a través da Media Luna Roja Saharawi.

CUARTA.- COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ.

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí deberá cumprir cos requisitos e as obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e normativa de desenvolvemento, da aplicación á concesión da subvención ao programa a través deste convenio, en concreto, os seguintes requisitos para obter a condición de beneficiario:

- a) Realizar o programa obxecto da subvención e acreditar a súa realización. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras e nos instrumentos de concesión.
- b) Cumprir os requisitos e non atoparse incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de que non ten pendente de pagamento débedas coa





comunidade autónoma e de que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O cumprimento destes requisitos poderá ser comprobado pola consellería, agás oposición expresa da persoas solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas do obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a consellería, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

f) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das accións, así como os instrumentos xustificativos do gasto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á Lei 39/2015, do 1 de outubro.

g) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no 20 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia así como en lendas alusivas ao financiamento público do programa en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación co programa subvencionado.

h) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

i) Levar un arquivo e custodia, durante polo menos cinco anos, da documentación substantiva e financeira que soporte e acredite a realización das accións obxecto deste convenio.

j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





k) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

Así mesmo, a entidade deberá subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario se estivese incurso nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario no caso de suspenderse o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

QUINTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que participen no programa coa Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SEXTA.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS

A Consellería de Política Social contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do programa coa concesión dunha subvención cunha contía de 100.000,00€, adicada única e exclusivamente ao pago de alimentos, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 13.02.312B.481.0, na que existe crédito axeitado e suficiente, de acordo coa Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021. A devandita achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

A cantidade que a Consellería de Política Social aboará a Solidariedade Galega do Pobo Saharauí forma parte dos 200.000.00 € que comprende o Programa de Emerxencia Alimentaria, e que se corresponden, única e exclusivamente, cos gastos da compra de alimentos para os/as menores saharahuis e o seu entorno

O pagamento da subvención realizarase, en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:





a. Tras a sinatura do presente convenio poderán realizarse pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 80.000 € (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, do seguinte xeito:

- 22.600,00 € (80% dos 18.000,00 primeiros euros máis o 10 % dos 82.000,00 euros restantes), será satisfeita no intre na que se asine o convenio co obxecto de que poida cubrir os custos da compra de produtos básicos alimentarios. O emprego desta cantidade xustificárase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse duna entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

- Ata 57.400,00 € pagaranse a medida que se xustifique a actividade descrita neste convenio.

20.000 € (20% da actividade subvencionada) pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

A actividade e os gastos subvencionables deben xustificarse de conformidade co previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto debe presentarse:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - a. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención outórguese consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
 - b. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención outórguese consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
 - c. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que faise referencia no apartado anterior a documentación acreditativa do pago. As mesmas serán cotexadas por parte da órgano encargado do control da documentación presentada, e estampadas cun selo que acredite a súa imputación ao convenio.





- d. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos no que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.
 - e. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar o beneficiario.
3. En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa da Asociación Solidariade Galega co Pobo Saharauí, en cuxo caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:
- a) NIF da entidade.
 - b) DNI ou NIE da persoa representante.
 - c) Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Agencia Estatal de la Administración Tributaria.
 - d) Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
 - e) Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Asociación Solidariade Galega co Pobo Saharauí a presentación dos documentos correspondentes.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados correspondentes ao programa Emerxencia Alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharauí 2021 entre o 01/01/2021 e o 20 de novembro de 2021, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica con data límite 30 de novembro de 2021.

Sen prexuízo de que o gasto subvencionable no marco deste Convenio de Colaboración abarca unicamente o exercicio 2021 (ata o 20 de novembro), a Asociación Solidariade Galega co Pobo Saharauí terá como prazo límite o 29





de xaneiro de 2022 para remitir á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social unha memoria final de actuación do dito exercicio 2021.

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí comprométese a achegar inescusablemente nun prazo de dez días cantas facturas, nóminas e demais documentos de carácter contable lle sexan requiridos pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral competente en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe total non poderá ser superior ao importe do gasto subvencionado.

OITAVA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.





O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia, de subvencións coas limitacións que ao efecto procedan, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

NOVENA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da execución do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poda xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta que estará formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola conselleira.
- Dous representantes da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola súa presidencia.

Presidirá a dita comisión o/a titular da Subdirección Xeral competente en materia de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.





Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, comprobación, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola conselleira de Política Social.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro.

DÉCIMA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, aínda que terá efectos desde o 01/01/2021 ata o 20/11/2021 en relación aos gastos do programa a subvencionar xerados durante o dito período.

DÉCIMO PRIMEIRA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fose expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas que o regulan.
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO TERCEIRA. COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.





De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

E, en proba da súa conformidade, as partes asinan dixitalmente este convenio.

POLA CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL,
A conselleira

POLA ASOCIACIÓN
SOLIDARIEDADE GALEGA CO
POBO SAHARAÍ,
A presidenta

Fabiola García Martínez

María Isla Avión

ANEXO

Distribución dos gastos aboados pola Consellería de Política Social, para o Programa Emerxencia alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharaís 2021:

TIPO DO GASTO	CUSTO (€)
Compra de alimentos.	100.000,00 €
Total	100.000,00 €

